

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 15 DE FEBREIRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Marín da estrada provincial EP-1205 e do treito final da estrada provincial EP-1204.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se establecen os procedementos e os controis para a subministración de medicamentos de uso humano de uso exclusivamente hospitalario a profesionais da veterinaria.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia e a Fundación Ronsel para o desenvolvemento de accións de mellora da empregabilidade dirixidas a persoas emigrantes retornadas, por importe de douscentos mil euros (200.000,00€).
- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2024 por un importe de 2.000.000 euros.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara de interese autonómico o Proxecto de mellora e ampliación do proceso produtivo e loxístico do Centro de procesado avícola de Coren en Ourense, de acordo co previsto na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegál, o Concello de Ferrol e o Instituto Galego de Promoción Económica para o desenvolvemento das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegál.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o tramite de información pública e informe das administracións afectadas, o estudo de impacto ambiental e definitivamente o proxecto de trazado "Reformulación do treito PO-350 - Goián da vía de alta capacidade (VAC) Tui - A Guarda. Treito II: PO-350 (3+790) - PO-552 (12+000)".

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a realización de compromisos de gasto de carácter plurianual, por importe de novecentos sesenta mil euros (960.000,00 €), derivados da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o programa Retorna Talento FP, para persoas galegas residentes no estranxeiro interesadas en retornar e cursar determinados estudos de formación profesional que se inicien no curso académico 2024/25 en centros educativos de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, do servizo de transporte sanitario urxente terrestre nas áreas da Coruña, Baixo Miño, Pontevedra, Salnés e Vigo, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, por un importe de corenta e oito millóns novecentos setenta e sete mil oitocentos trinta e un euros con vinte e un céntimos (48.977.831,21 €) e un valor estimado de setenta e tres millóns cincocentos setenta e seis mil novecentos vinte e tres euros con cinco céntimos (73.576.923,05 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo "Proxecto home" de atención integral de persoas en risco e con trastornos aditivos da Comunidade Autónoma de Galicia e do programa de tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica, por importe dun millón cento noventa e seis mil setecentos setenta euros (1.196.770,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cruz Vermella de Lugo para o desenvolvemento de programas de asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros outros trastornos adictivos, por importe de setecentos corenta e sete mil setecentos sesenta e tres euros (747.763,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcoholoxía "Asvidal" para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de douscentos cincuenta e un mil catrocentos quince euros (251.415,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de centro corenta e un mil setecentos setenta e seis euros (141.776,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación "As Burgas para o Tratamento e Rehabilitación do Enfermo Alcohólico" para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de douscentos vinte e un mil cincocentos vinte e nove euros (221.529,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga "Aclad" da Coruña para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, por importe de dous millóns vinte e nove mil douscentos vinte e oito euros (2.029.228,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga "Alborada" de Vigo, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, por importe dun millón oitocentos sete mil dezaseis euros (1.807.016,00 €)
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias "Asfedro", para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, por importe dun millón cento vinte e catro mil catrocentos setenta e tres euros (1.124.473,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Unidade de Tratamento do Alcol e Condutas Adictivas "Utaca" para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de douscentos corenta e catro mil cento trinta euros (244.130,00 €)

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (Femuro) para o desenvolvemento das actuacións en execución do Plan Corresponsables, por un importe de cen mil euros (100.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur) para o desenvolvemento das actuacións en execución do Plan Corresponsables, por un importe de cen mil euros (100.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia Pontevedra (Femupo) para o desenvolvemento das actuacións en execución do Plan Corresponsables, por un importe de cen mil euros (100.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Federación de Mulleres do Rural da Provincia de Lugo (Afammer) para o desenvolvemento das actuacións en execución do Plan Corresponsables, por un importe de cen mil euros (100.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da posta en marcha do servizo "Bolsa de remuda de negocios" dirixido a facilitar a transmisión de empresas.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a consellería do mar da Xunta de Galicia e a Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e Acuicultura (Conxemar) , para a promoción e a mellora da comercialización de produtos conxelados da pesca nos anos 2024 e 2025, por un importe total de seiscentos cinco mil euros (605.000,00 €).
- Acordo para o incremento do complemento específico por formación permanente, polo desempeño de órganos unipersoais de goberno e por función titorial e outras funcións docentes do persoal das escalas de profesores/as numerarios/as e mestres/as de taller de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros da Consellería do Mar.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o incremento retributivo do 0,5 %, no ano 2023, ao persoal empregado público en función da evolución do PIB.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a incidencia dos incendios forestais na zona sureste da provincia de Ourense; propostas de infraestruturas produtivas e non produtivas de defensa do monte.
- Informe sobre manexo de gando para o seu emprego na xestión do risco de incendios en áreas estratéxicas.
- Informe sobre o acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Altri Participaciones y Tranding, S.L.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE MARÍN DE DOUS TREITOS DAS ESTRADAS PROVINCIAIS DE ACCESO ÁS PRAIAS DE AGUETE E DE LOIRA

- Transfírese o tramo inicial da EP-1205 de acceso á praia de Aguete, de 372 metros de lonxitude, e o treito final da EP-1204, de acceso a praia de Loira, de 166 metros
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade, o Concello de Marín terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Marín de dous treitos das vías provinciais EP-1205, de acceso á praia de Aguete, e da EP-1204, de acceso á praia de Loira.

Trátase, concretamente, do tramo inicial da estrada provincial EP-1205, comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 0+372, de 372 metros de lonxitude; e do treito final da estrada provincial EP-1204, no tramo que vai do punto quilométrico 0+530 ao 0+696, de 166 metros de lonxitude.

O Concello de Marín e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade destes viarios.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade destes dous treitos das vías provinciais.

A transferencia destes treitos a prol do Concello de Marín tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Marín terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


Plano dos treitos das vías provinciais obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

EP-1205 acceso á praia de Agnete:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

EP-1204 acceso á praia de Loira:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA Á SUBMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS DE USO HUMANO EXCLUSIVAMENTE HOSPITALARIO PARA PROFESIONAIS DA VETERINARIA

- Coa aprobación desta norma, o Executivo galego dá resposta a unha necesidade do sector veterinario
- Ademais, garántese ás persoas que teñan animais de compañía, a que estes poidan ser tratados con medicamentos cualificados de uso humano e exclusivamente hospitalario, no caso de non poder facelo con medicamentos de uso veterinario

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se establecen os procedementos e os controis para a subministración de medicamentos de uso humano de utilización exclusivamente hospitalaria a profesionais da veterinaria. Con esta norma, a Consellería de Sanidade trata de dar resposta á demanda formulada polo sector veterinario, así como de garantir a aquelas persoas que teñan animais de compañía ou doutro tipo, a que estes poidan ser tratados con medicamentos cualificados de uso humano e exclusivamente hospitalario, nos casos en que exista un baleiro terapéutico e non poidan ser tratados con medicamentos de uso veterinario.

O uso destes medicamentos quedará estritamente reservado ao acto clínico veterinario, o cal deberá realizarse, en todo caso, dentro dunha clínica ou hospital veterinario e o medicamento deberá administrarse ao animal directamente por persoal titulado.

O decreto recolle dous procedementos para que os veterinarios poidan adquirir estes medicamentos para o seu uso nun animal. Un procedemento de autorización, que deberán seguir aqueles profesionais que necesiten adquirir axentes antineoplásicos e inmunomoduladores, así como medicamentos que teñen autorizada nas súas fichas técnicas algunha condición de almacenamento manexo e eliminación de residuos específica que requira que os hospitais e clínicas veterinarias en que presten servizos dispoñan dunhas instalacións ou equipos predeterminados e persoal adecuadamente formado.

Para a subministración destes medicamentos (antineoplásicos e inmunomoduladores), será necesario dispoñer de autorización previa—que contará co informe da Xefatura Territorial da Consellería competente en materia de protección e benestar de animais de compañía da provincia en que se atope situado o centro veterinario.

O segundo dos procedementos refírese á presentación dunha comunicación previa ante a Consellería de Sanidade que lles outorgará o dereito a que lle sexan subministrados medicamentos de uso humano de utilización exclusivamente hospitalaria distintos dos anteriores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto recolle, tamén, as obrigas que deberán cumprir os profesionais implicados nos procedementos regulados e as responsabilidades en que poidan incorrer no caso de incumprimento, tendo en conta que serán as oficinas de farmacia as únicas que poidan subministrar estes medicamentos. Así mesmo, recóllese a aplicación dun réxime sancionador.

Tras a administración dos medicamentos, a persoa veterinaria responsable deberá rexistrar os datos do animal ao que lle foron administrados (especie e identificación individual), a identificación da receita (número de receita, nome e número de colexiado do veterinario que a expediu) e os datos da persoa propietaria do animal (nome, apelidos e dirección), así como a cantidade de medicamento empregado.

Quedan excluídos deste procedemento, e por tanto non serán accesibles para o uso veterinario, aqueles antimicrobianos reservados para o tratamento de determinadas infeccións en seres humanos (p.ex. antibióticos que por problemas de resistencias, estean catalogados pola Axencia Europea do Medicamento como de uso restrinxido).

Tamén se fará un seguimento e control sobre os medicamentos dispensados para uso en veterinaria e que están autorizados para a estimulación da eritropoiese por tratarse de medicamentos de control na loita contra a dopaxe. Neste caso, os profesionais veterinarios quedan obrigados a presentar unha declaración anual do número de envases subministrados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO AUTORIZA UN ACORDO PARA FINANCIAR CON 200.000 EUROS O PROGRAMA DE ORIENTACIÓN AO EMPREGO POR CONTA ALLEA E TAMÉN O PROGRAMA MERLO, POR CONTA PROPIA, PARA GALEGOS RETORNADOS

- As accións de este programa están destinadas á mellora da empregabilidade das persoas emigrantes retornadas
- O Programa Merlo ofrece persoal de apoio de mentoría aos emprendedores galegos retornados de cara ao apoio e acompañamento no desenvolvemento e consolidación dos seus negocios ou actividades profesionais

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de un convenio da Secretaría Xeral da Emigración coa Fundación Ronsel para desenvolver accións conxuntas destinadas á mellora da empregabilidade, tanto por conta allea como por conta propia, das persoas emigrantes retornadas, por un importe de 200.000 euros.

Con este obxectivo apoiarase economicamente esta fundación para que, por unha banda realice obradoiros grupais, charlas e cursos dirixidos a proporcionar as ferramentas necesarias para coñecer o mercado de traballo galego, e levaranse a cabo itinerarios individualizados de inserción laboral adaptados ás condicións particulares de cada un dos e das participantes. Estas accións, que pretenden a eficiencia na busca de traballo por conta allea, van dirixidas ás persoas emigrantes retornadas.

Por outro lado, Ronsel continuará tamén a desenvolver o Programa de mentores Merlo, que ofrece o maior apoio posible a estes novos empresarios e empresarias para consolidar os seus negocios na Comunidade Autónoma galega.

Este programa ofrece persoal de apoio de mentoría ás e aos emprendedores galegos retornados de cara ao apoio e acompañamento no desenvolvemento e consolidación dos seus negocios ou actividades profesionais, "de xeito que poidan contar cunha maior garantía de éxito que favoreza a súa integración social e empresarial en Galicia".

Esta iniciativa ten como obxectivo ofrecer un servizo de acompañamento por medio dunha figura dunha ou dun mentor que reforce as súas habilidades e fortalezas para potenciar e consolidar os seus proxectos profesionais cunha maior garantía de éxito, contribuíndo así a mellorar a competitividade e produtividade do seu negocio en Galicia.

A Fundación Ronsel é unha entidade de carácter privado sen ánimo de lucro que ten como obxectivo o desenvolvemento e fomento económico galego e, en particular, a creación de emprego, así como a mellora competitiva do tecido empresarial. Ten acreditada unha ampla experiencia no desenvolvemento de servizos de asesoramento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para a orientación laboral e programas específicos dirixidos ás persoas migrantes, entre as que están incluídas as e os galegos emprendedores retornados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA A NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O IMPULSO TURÍSTICO DO RURAL GALEGO CON 2M€

- O Consello da Xunta autorizou a nova edición das axudas destinadas aos concellos de menos de 10.000 habitantes para a mellora dos seus recursos turísticos
- Foméntase a recuperación, accesibilidade e sinalización coa posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística

O Consello da Xunta autorizou hoxe a posta en marcha nova convocatoria da liña de axudas destinada a concellos galegos de menos de 10.000 habitantes coas que se busca o impulso e consolidación turística do rural galego. Cun investimento de 2 M€, subvencionaranse actuacións que se centren na recuperación, accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos coa posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística.

Como se indica na convocatoria, será de concorrencia non competitiva e en concreto, sufragaranse actuacións de embelecemento dos accesos aos recursos turísticos que poderán incluír a recuperación e tratamento paisaxístico da contorna dos recursos turísticos, iluminación ornamental dos recursos turísticos, xa sexa primeira instalación ou mellora, ampliación ou substitución da existente, tamén a recuperación e creación de miradoiros paisaxísticos, rutas de sendeirismo e outros elementos de interese turístico e adecuacións de espazos destinados ao estacionamento de vehículos dos visitantes.

As axudas tamén inclúen o embelecemento dos recursos turísticos e dos bens declarados de interese cultural ou cun procedemento de declaración xa iniciado, así como as que afecten a contorna de protección (embelecemento de vías, ocultamento de colectores de residuos que se atopen no propio recurso turístico ou BIC, así como eliminación de cablaxe aérea e antenas de comunicacións).

Accesibilidade turística

Ademais, as actuacións de posta en valor turístico dos recursos que poderán incluír as seguintes: rehabilitación ou restauración para a súa dedicación a usos turísticos distintos do aloxamento de persoas, recuperación de elementos de interese etnográfico ou da arquitectura tradicional.

Do mesmo xeito, estas axudas sufragarán tamén as actuacións que leven a cabo os Concellos para mellorar a accesibilidade dos seus recursos turísticos como a eliminación de barreiras arquitectónicas no acceso aos bens, recursos e rutas turísticas ou as destinadas a facilitar o acceso das persoas con algún tipo de discapacidade sensorial á información turística dos recursos. Tamén se sufraga a sinalización dos recursos.

Os proxectos poderán acadar unha subvención de ata o 100 % do orzamento do investimento subvencionando e o importe máximo da axuda a cada concello será de 30.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA DE INTERESE AUTONÓMICO O PROXECTO DE MELLORA E AMPLIACIÓN DO PROCESO PRODUTIVO E LOXÍSTICO DO CENTRO DE PROCESADO AVÍCOLA DE COREN

- Cun investimento de 94,5 millóns de euros, a empresa pretende mellorar os seus procesos, reestruturar as instalacións actuais e construír unha nova plataforma de preparación de pedidos e loxística
- Desde este ano, os proxectos declarados de interese autonómico poden solicitar a súa inclusión no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión desta mañá, a declaración de interese autonómico do proxecto de mellora e ampliación do proceso produtivo e loxístico do centro de procesado avícola de Coren, en Ourense, o que permitirá ordenar e planificar desde o punto de vista urbanístico e territorial a ampliación desta empresa. Deste xeito, mudarase a clasificación de solo rústico a solo urbano non consolidado de uso industrial e estableceranse as condicións urbanísticas apropiadas para a execución das edificacións necesarias para estes usos.

O obxectivo de proxecto é mellorar os procesos produtivos para poder satisfacer a demanda; reestruturar as instalacións actuais; así como construír unha nova plataforma de preparación de pedidos e loxística asociada as súas instalacións actuais. Coa implantación destas melloras, Coren pretende converter este cetro nun complexo de produción e loxística alimentaria clave a nivel autonómico e nacional e posicionarse na comercialización de novos produtos. En concreto, coa creación dunha liña de proteínas hidrolizadas.

O ámbito de actuación total -as instalacións actuais e a ampliación- conta cunha superficie de 22,6 hectáreas e complementarase cunha mellora dos accesos ao complexo industrial. En total, a empresa prevé investir 94,5 M€ e crear máis de 100 postos de traballo directos.

Tras a declaración -que se produce en coherencia cos instrumentos de ordenación do territorio de Galicia- iníciarase o procedemento para aprobar esta iniciativa como proxecto de interese autonómico.

Con esta declaración, a Xunta de Galicia segue amosando o seu apoio ao desenvolvemento da actividade industrial e, especialmente, á súa transformación. De feito, desde este ano, os proxectos de interese autonómico tramitados de acordo co previsto na Lei de ordenación de territorio de Galicia, poderán solicitar a súa inclusión no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, unha vez declarado o interese autonómico polo Consello da Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA, O CONCELLO DE FERROL E COFER COLABORARÁN NO DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DAS COMARCAS DE FERROL, EUME E ORTEGAL

As actuacións do convenio irán encamiñadas a procurar a mellora da produtividade, a competitividade e a internacionalización das pequenas e medianas empresas e a identificar iniciativas empresariais nestas comarcas

O Consello da Xunta coñeceu hoxe da nova folla de ruta para a promoción industrial e o desenvolvemento económico das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal. Trátase dun convenio con Cofer -Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal- e o concello de Ferrol, que ten por obxectivo establecer o marco de colaboración entre as entidades representativas do tecido empresarial para dinamizar a actividade económica destas comarcas e a súa contorna. Destinaranse un total de 250.000 euros para as diferentes accións que se desenvolverán ao longo deste 2024.

As actuacións do convenio irán encamiñadas a procurar a mellora da produtividade, a competitividade e a internacionalización das pequenas e medianas empresas e a identificar aquelas iniciativas empresariais que permitan poñer en marcha proxectos que favorezan o desenvolvemento económico destas comarcas.

Neste contexto, levaranse a cabo actividades que dean a coñecer todas as oportunidades e retos que presenta esta zona, fomentando así o seu emprendemento, principalmente no eido da enerxía eólica mariña, un dos sectores que conta cun gran potencial de desenvolvemento no territorio.

Así mesmo, prevense accións de difusión e sensibilización sobre o novo marco de fondos europeos 2021-2027, a oportunidade dos fondos de Transición Xusta, así como dos distintos instrumentos de apoio para a recuperación económica nos territorios de Ferrol, Eume e Ortegal. Tamén prevé estudos sobre o contexto económico e social do tecido empresarial desta zona.

A recente creación da Oficina Económica de Galicia por parte da Xunta e a vontade de xuntar sinerxías entre o Igape e o Concello de Ferrol, contando co apoio de Cofer, constitúen unha oportunidade de multiplicar os efectos desta colaboración, promovendo actuacións coordinadas co obxectivo de dar a coñecer estes instrumentos entre o tecido produtivo de cara a atraer novos proxectos que promovan o desenvolvemento económico sustentable destas comarcas.

Deste xeito, Cofer, o Concello de Ferrol e o Igape levarán a cabo, de forma conxunta, a realización de actividades de promoción industrial, captación de talento no exterior, e impulso ao desenvolvemento de proxectos aliñados coas estratexias de desenvolvemento da política industrial a nivel europeo, estatal e da Comunidade

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Autónoma galega, favorecendo a súa implantación -apostando pola coordinación e a simplificación administrativa-, en colaboración coa Oficina Económica de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO DO TREITO DA AUTOVÍA TUI-A GUARDA ENTRE A ESTRADA PO-350 E ESTÁS, EN TOMIÑO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 78 M€

- O novo treito comezará cun enlace no punto quilométrico 3+790 da PO-350 e avanzará en dirección A Guarda ata o punto 59+860 da PO-552, na glorieta de Estás
- O proxecto contempla a execución de 4 enlaces para este tramo: na PO-350, en Ponte-Carregal, no Seixo e en Estás
- Proxéctanse 5 viadutos, un falso túnel na zona de San Bieito, 6 pasos superiores e 4 inferiores e 3 muros de contención
- Como resultado da información pública introducíronse melloras significativas na accesibilidade ás fincas, na permeabilidade da autovía e para a diminución da afección
- Déixase sen efecto o antigo proxecto aprobado, o que supón liberar os terreos no concello de Tomiño que non resulten afectados polo novo trazado
- Actualmente están a piques de finalizar as obras de conexión da autovía coa A-55 e co polígono de Areas, xa en funcionamento, agás na entrada en sentido Portugal
- O proxecto do treito entre o enlace de Areas e a PO-350 atópase en redacción co fin de prolongar a vía e duplicar o paso inferior de acceso ao polígono
- Nas vindeiras semanas está previsto aprobar o proxecto de desdoblamento da PO-552 entre Estás e Goián, para completar a autovía ata enlazar co treito 3, xa en servizo

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde ao proxecto de trazado do treito da autovía Tui-A Guarda entre a estrada PO-350 e Estás, no concello de Tomiño, que suporá un investimento autonómico de máis de 78 M€.

Trátase dun novo tramo da autovía Tui-A Guarda, que avanza así polo concello de Tomiño, mellorando a mobilidade da comarca do Baixo Miño.

Este treito de novo trazado comezará no punto 3+790 da estrada PO-350 e rematará no punto quilométrico 59+860 da PO-552.

De xeito máis concreto, este novo tramo iniciarase nun enlace na PO-350, avanzará en dirección A Guarda, atravesará o val da Ponte en viaduto, chegará ao enlace da Ponte-Carregal, xirará á esquerda cara ao val do rego do Hospital e onde se atopa o terceiro dos enlaces que dá servizo ao Seixo.

Entre os puntos quilométricos 10+400 e 10+720 proxéctase o falso túnel de San Bieito, logo cruza o rego do Prego e conecta coa PO-552, no punto 59+860 mediante a glorieta de Estás.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que se refire ás características técnicas, o proxecto contempla 4 enlaces para este tramo de autovía: o da PO-350, no punto 3+820 da vía de altas prestacións; o de Ponte-Carregal, no punto 6+580; o do Seixo, no 8+900; e unha glorieta en Estás na PO-552, no punto 11+960.

En relación ás estruturas previstas, proxéctanse 5 viadutos, do río Furnia, A Ponte, rego do Hospital, Tomiño e do rego do Pego; un falso túnel na zona de San Bieito, entre os puntos 10+400 e 10+720; 6 pasos superiores e 4 inferiores; e 3 muros de contención.

Na aprobación recóllense melloras significativas con respecto ao proxecto sometido a información pública, e tamén se incorporan as prescricións da declaración de impacto ambiental emitida en setembro de 2023. Realízanse modificacións para mellora da funcionalidade, para mellor accesibilidade de fincas e para reducir no posible afeccións.

Entre outras, deséñanse dous novos camiños de servizo, mellórase a permeabilidade transversal con dous novos pasos superiores e un paso inferior peonil, mellórase o enlace do Seixo para axudar a vertebrar a zona de dotacións deportivas e docentes e elimínase o semienlace da PO-344, pola forte afección que producía e a proximidade dos outros enlaces.

O Consello da Xunta, ademais de aprobar o novo proxecto, tamén deixou sen efecto o proxecto antigamente aprobado, liberando así a súa afección aos terreos da parte final do seu trazado no concello de Tomiño.


Agora mesmo están a piques de finalizar as obras de conexión entre os enlaces coa autovía A-55 e de Areas, que están en servizo, agás o ramal de entrada en sentido Portugal.

Ademais tamén se está a iniciar a redacción do proxecto do treito da autovía entre o enlace de Areas e a estrada PO-350, co obxectivo de prolongar a vía e duplicar o paso inferior de acceso ao polígono, de modo que dea funcionalidade a un enlace completo, tamén en sentido A Guarda.

Nas vindeiras semanas, ademais, prevese aprobar o proxecto de desdoblamento da PO-552 entre Estás e Goián, para completar a autovía ata enlazar co treito 3, xa en servizo.

Plano de situación do novo tramo da autovía Tui-A Guarda:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O RETORNA TALENTO FP PARA O VINDEIRO CURSO, CON AXUDAS DE ENTRE 6.500 E 10.800 € PARA O REGRESO DE 108 RAPACES GALEGOS DO EXTERIOR

- A modalidade A inclúe 48 prazas para estudar programas vencellados á FP Básica, con bolsas de 6.500€
- A modalidade B conta con 60 prazas para cursar ciclos de FP Dual con axudas de 10.800€, podendo facer unha parte da formación a distancia
- O orzamento da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades para esta convocatoria, que se enmarca na Estratexia Galicia Retorna, é de case 1 M€

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á convocatoria do programa Retorna Talento FP para o curso 2024/25. O obxectivo é que 108 rapaces galegos do exterior poidan mellorar a súa cualificación e volver á súa terra de orixe, co apoio de axudas de entre 6.500 e 10.800 €.

O orzamento da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades para esta convocatoria, que se enmarca na Estratexia Galicia Retorna, é de case 1 M€. Neste curso 2023/24 son un total de 34 os rapaces que están a cursar estudos de FP ao abeiro deste programa nos centros integrados de FP Someso (A Coruña), Universidade Laboral (Culleredo), Ferrolterra (Ferrol), Vilamarín (Vilamarín) e no Instituto IES Chapela (Redondela).

Formación básica

A convocatoria divídese en dúas categorías, en función do tipo de estudos que se ofertan. Así, a modalidade A recolle 48 bolsas para estudar programas específicos básicos de FP durante o curso 2024/25. Neste caso a bolsa é de 6.500 € por alumno e a relación de programas formativos ofertados, a razón de 16 prazas cada un, é a seguinte:

Concello	Centro	Programa formativo de formación específica básica
A Coruña	CIFP Someso	Albanelaría e fontanería
Culleredo	CIFP Universidade Laboral	Fontanería, calefacción, electricidade e telecomunicacións en edificios
Ferrol	CIFP Ferrolterra	Fontanería, calefacción, electricidade e telecomunicacións en edificios

60 prazas na FP Dual

No caso da modalidade B, inclúe un total de 60 prazas para cursar cinco ciclos de Formación Profesional Dual nos cursos 2024/25 e 2025/26, cunha bolsa de 10.800 € por estudante. Neste caso, durante o primeiro curso poderán realizar unha parte da formación a distancia, pero a formación práctica nas empresas será sempre presencial, ao igual que todo o segundo curso.

Os ciclos ofertados, con 12 prazas cada un, son os reflectidos na seguinte táboa:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Concello	Centro	Ciclo de FP dual
Ferrol	CIFP Ferrolterra	Ciclo superior de Deseño e amoblamento
A Coruña	CIFP Someso	Ciclo superior de Proxectos de edificación
Culleredo	CIFP Universidade Laboral	Ciclo superior de Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos
Vilamarín	CIFP de Vilamarín	Ciclo superior de Xestión de aloxamentos turísticos
Redondela	IES de Chapela	Ciclo medio de Atención a persoas en situación de dependencia

A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades asinará convenios con empresas de referencia das zonas de influencia de cada un dos centros educativos para o período de formación en centros de traballo deste alumnado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 7,7 M€ NA ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUSTANCIAS ADICTIVAS

O Executivo galego renova os convenios de colaboración con nove entidades sen ánimo de lucro

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dos convenios de colaboración entre o Sergas e nove entidades sen ánimo de lucro, para a asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, até acadar os 7.764.100 euros.

En concreto, a Xunta destinará ao convenio coa Asociación Unidade de Tratamento do Alcol e Condutas Adictivas (Utaca) unha partida de 244.130 euros; coa Asociación Viguesa de Alcohoxía (Asvidal) 251.415 euros; coa Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra 141.776 euros; e coa Asociación As Burgas para o Tratamento e Rehabilitación do Enfermo Alcohólico 221.529 euros.

Así mesmo, achegará 1.196.770 euros á Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo "Proxecto home"; á Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (Aclad) 2.029.228 euros; á Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro) 1.124.473 euros; á Asociación Cruz Vermella de Lugo 747.763 euros e; á Asociación Cidadá de Loita contra a Droga (Alborada) de Vigo, 1.807.016 euros.

En todos estes convenios, unha vez que se proceda á sinatura dos mesmos, e sempre que a actividade comezase previamente, as asociacións poderán solicitar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á súa xustificación por un importe dun máximo do 30 % da contía total do convenio.

Na actualidade, as adiccións son consideradas unha enfermidade que require dun tratamento multidisciplinar e personalizado. Así, ante calquera problema relacionado coas mesmas, aconséllase acudir a un centro de tratamento específico directamente, ou ben, solicitar axuda aos profesionais de atención primaria, para que poidan avaliar cada un dos casos, e derivaralos aos centros que procedan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE TERRESTRE DO 061

- O valor estimado do contrato para as áreas da Coruña, Baixo Miño, Pontevedra, Salnés e Vigo é de 48.977.831,21 € correspondentes ao período comprendido entre o 1 de xuño de 2024 e o 31 de maio de 2026
- O colectivo de técnicos en emerxencias sanitarias beneficiarase de incrementos salariais, reducións da xornada laboral e outros beneficios sociais
- Auméntase o número de vehículos substitutos e os criterios de adjudicación inclúen un vehículo adicional para o traslado de pacientes con obesidade mórbida

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre nas áreas da Coruña, Baixo Miño, Pontevedra, O Salnés e Vigo pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 cun valor estimado de 48.977.831,21 € que se distribuirá en dúas anualidades, correspondentes ao período comprendido entre os meses de xuño de 2024 e maio de 2026. A entrada en vigor do contrato, que está prevista para o día 1 de xuño de 2024, terá unha duración de dous anos, que poderá prorrogarse por un período máximo dun ano.

A licitación do contrato do servizo de transporte sanitario urxente terrestre para a Comunidade Autónoma de Galicia realizouse no mes de decembro, sen que se recibiran ofertas para os citados lotes. Deste xeito, a Xunta de Galicia trata de axilizar a contratación deste servizo esencial á maior brevidade para seguir a cumprir co seu compromiso coa eficacia, eficiencia e calidade desta actividade sanitaria asistencial cara á poboación galega.

Cómpre salientar que o contrato para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre incorpora importantes melloras laborais para o colectivo de técnicos en emerxencias sanitarias, que supera os 1.000 traballadores na Comunidade Autónoma galega.

Estes beneficios están relacionados co reaxuste dos tempos de traballo, que supón unha redución da xornada laboral; a compensación das xornadas nocturnas con días de descanso; incrementos salariais; e melloras en beneficios sociais, como a protección da maternidade e as condicións de acceso á xubilación, entre outros. Aspectos, todos eles, recollidos no actual convenio do sector de transporte de persoas enfermas e accidentadas en ambulancia de Galicia, asinado no mes de novembro do pasado ano.

Ampliación de vehículos substitutos

Ademais, os pregos do contrato para a prestación deste servizo inclúen unha ampliación dos vehículos substitutos de soporte vital avanzado (SVA), nas áreas de transporte sanitario urxente con tres ou máis vehículos de SVA, e cun vehículos substituto de soporte vital básico (SVB), nas áreas con oito ou máis vehículos de SVB.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, entre as melloras cualitativas deste contrato, destacan a incorporación dun sistema de incentivos da operatividade dos recursos e a oferta, nos criterios de adjudicación, dun vehículo adicional para o traslado de pacientes con obesidade mórbida que garante o traslados destes pacientes cun maior confort e seguridade.

Aumento de cobertura e capacidade

Con este contrato, a Rede de transporte sanitario urxente terrestre de Galicia-061 disporá de 12 ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado medicalizadas, 5 ambulancias asistenciais de SVA de enfermería, dous helicópteros medicalizados, 107 ambulancias asistenciais de soporte vital básico e tres ambulancias convencionais.

Todos estes recursos, mobilizados desde a Central de Coordinación do 061, garanten a asistencia ás urxencias e ás emerxencias extrahospitalarias en Galicia as 24 horas do día, os 365 días do ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PREVÉ FORMAR 2.000 MULLERES RURAIS EN GALICIA PARA QUE POIDAN ACREDITAR PROFESIONALMENTE A SÚA EXPERIENCIA NO COIDADADO DE MENORES DE 16 ANOS

- A Administración autonómica destinará 400.000 euros a esta colaboración coas federacións de asociacións de mulleres rurais da nosa Comunidade
- Será o terceiro ano consecutivo que se asinen convenios con Femuro, Fademur e Femupo e a segunda vez con Afammer Lugo para actualizar o censo de mulleres do rural -sobre todo maiores de 45 anos- con experiencia neste ámbito
- Unha vez acreditada a experiencia profesional, estas mulleres poderán acceder aos postos de traballo dos servizos de coidado profesional que se habiliten a través do Plan Corresponsables

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de convenios de colaboración por un importe global de 400.000 euros entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e as federacións de asociacións de mulleres rurais de Galicia co gallo de impulsar a acreditación profesional da experiencia laboral dunhas 2.000 mulleres do rural no coidado de menores de ata 16 anos.

Así, na aposta do Goberno galego por seguir a fomentar a conciliación e a corresponsabilidade e por crear emprego de calidade, será o terceiro ano consecutivo que se asinen acordos coa Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense (Femuro), coa Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur) e coa Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (Femupo). No caso da Federación de Mulleres do Rural da Provincia de Lugo (Afammer Lugo), trátase do segundo convenio de colaboración neste sentido.

O obxectivo dos convenios -dotados con 100.000 euros cada un por parte da Xunta de Galicia- é levar a cabo, entre outras, accións de formación e apoio encamiñadas a un futuro recoñecemento da experiencia laboral no eido dos coidados de menores, contribuíndo a xerar emprego nun sector con forte demanda.

Así, búscase impulsar a realización de diferentes actuacións de avaliación, formación, difusión e elaboración de censo de persoas con experiencia no coidado de nenas e nenos -especialmente de mulleres de máis de 45 anos- para o recoñecemento da experiencia laboral formal ou non formal no sector dos coidados de menores de ata 16 anos inclusive, que habiliten para o acceso ás bolsas de coidado profesional no domicilio no marco das actuacións do Plan Corresponsables.

Deste xeito, Fademur, Femuro, Femupo e Afammer Lugo comprometeranse a desenvolver as actuacións que permitan ás mulleres rurais o acceso ás bolsas de coidado profesional e a manter actualizado un censo das mulleres susceptibles de obter esta acreditación, que o ano pasado acadou as 2.000. As mulleres recibirán formación arredor de temas como as competencias claves, os primeiros auxilios ou as competencias dixitais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A sinatura destes convenios de colaboración forma parte das medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia para a promoción da igualdade, especialmente as conducentes a facilitar a conciliación da vida familiar, laboral e persoal e a corresponsabilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA HABILITA UNHA PÁXINA WEB PARA FACILITAR A REMUDA XERACIONAL ONDE SE AMOSARÁN OS NEGOCIOS QUE PRECISAN DE NOVAS PERSOAS PARA GARANTIR O SEU FUTURO

- A Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego será a encargada de asesorar, axilizar e facilitar o proceso de remuda ou de transmisión de negocios
- Á web activa desde hoxe, <https://polosemprendemento.gal/remuda-de-negocios>, poderán acceder os que precisen traspasar a súa empresa e os que desexen coller as rendas dun negocio en traspaso
- É unha iniciativa centrada en poñer en contacto a quen vende ou aluga a súa empresa con persoas interesadas en facer cargo dela
- O obxectivo é facilitar a continuidade de empresas en Galicia e, polo tanto, o progreso e futuro da Comunidade galega

A Xunta habilita hoxe unha páxina web, <https://polosemprendemento.gal/remuda-de-negocios>, para facilitar a remuda xeracional do tecido empresarial de Galicia e asegurar, así, o futuro e supervivencia de moitos negocios. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade favorecerá a remuda xeracional a través da Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego que puxo en marcha hai máis de ano e medio o Goberno galego, xa que será o persoal desta rede o que se encargará do acompañamento, asesorando, axilizando e facilitando estes procesos de remuda ou de transmisión de negocios.

Así, a esta web específica, que se estrea hoxe con 42 negocios en remuda identificados, poderán acceder todos os interesados: poderá acceder á páxina quen queira transmitir a súa empresa, e tamén a outra parte imprescindible do proxecto, quen queira acceder a un negocio en traslado. Para estes casos, amosarase na páxina un escaparate de negocios no que se poderá navegar e establecer filtros, así como visualizar a información dos negocios do seu interese.

Nesa web, iranse colgando negocios de toda Galicia que precisan que novas persoas collan as súas rendas para garantir a súa continuidade. É, polo tanto, un programa centrado en poñer en contacto a quen vende ou aluga a súa empresa, con persoas interesadas en facerse cargo dela.

A iniciativa acompañarase dunha guía explicativa que se distribuirá de xeito físico. Ademais, nos próximos meses acompañarase estas ferramentas dunha orde de axudas.

A remuda é un proceso máis doado para aquelas persoas que buscan comezar un proxecto empresarial consolidado e viable, reducindo os riscos. Incluída a xente de fóra - tamén os galegos residentes no exterior- con ganas de establecerse e xerar riqueza na nosa terra. Porase por iso en marcha este programa de remuda xeracional, a través dunha bolsa de substitución de negocios co fin de facilitar a continuidade das empresas en Galicia e, polo tanto, o progreso e futuro da Comunidade galega. Desde os polos máis

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

próximos darase apoio naqueles trámites precisos á hora de preparar o acordo de traspaso.

Trátase, en definitiva, dunha actuación para seguir dándolle pulo ao emprendemento en Galicia, seguir dándolle pulo á nosa economía, da man do tecido produtivo. O que se pretende é asegurar a prioritaria remuda xeracional como camiño cara a un futuro próspero para Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E AS INDUSTRIAS DE PRODUTOS DO MAR CONXELADOS INVESTIRÁN NO IMPULSO Á COMPETITIVIDADE DO SECTOR 1,2 M€ ENTRE ESTE ANO E O PRÓXIMO

- O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e Conxemar para a mellora da comercialización destes elaborados da pesca, marisqueo e acuicultura ao longo de 2024 e 2025
- O Goberno galego destina a este acordo máis de 605.000 euros, aos que se suman outros 605.000 euros que serán aportados pola asociación sectorial
- O acordo inclúe o respaldo aos congresos internacionais Conxemar-FAO e as feiras de produtos conxelados CONXEMAR deste 2024 e do 2025, xunto con accións de promoción do consumo e a selección dun recoñecido embaixador

A Consellería do Mar e a Asociación Española de Maioristas, Importadores, Exportadores e Transformadores de Produtos da Pesca e da Acuicultura (Conxemar) reforzarán o seu traballo en conxunto tanto na promoción e mellora da comercialización dos produtos do mar conxelados como na execución de actuacións en favor da competitividade das empresas do sector. Esta colaboración ampliada será posible toda vez que o Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre as dúas partes para a realización de distintas accións en 2024 e 2025 encamiñadas ao impulso deste tipo de produtos derivados da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

Esta colaboración estará vixente desde a sinatura do convenio ata o 30 de novembro de 2025 e conta cunha aportación por parte da Xunta de Galicia de 605.000 euros, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), a que se suman outros 605.000 euros achegados por Conxemar. Cada anualidade apotrada polo Goberno autonómico ascenderá, por tanto, a 302.500 euros.

Con ese orzamento desenvolveranse distintas iniciativas de promoción e difusión co fin de favorecer o crecemento do sector e que Galicia manteña o liderado no territorio nacional. A comunidade aporta máis do 50 % da facturación do sector de produtos do mar conxelados a nivel nacional e aglutina tamén a máis da metade das empresas do sector.

Unha das accións previstas ao abeiro do convenio será a promoción tanto do XI como do XIII Congreso Internacional Conxemar-FAO que se celebrarán este ano e o próximo, unha cita que xa é referente mundial á hora de poñer en valor a transformación azul na cadea de valor dos produtos do mar e ser un foro esencial para a alimentación relacionada co peixe conxelado. Tamén se inclúe nesta colaboración a organización e promoción nacional e internacional da XXV e a XVI Feira de produtos conxelados Conxemar, a primeira delas na que cumpre as súas vodas de prata a celebrar os vindeiros días 1, 2 e 3 de outubro en Vigo e a vindeira en datas similares do ano 2025.

Acadar novos consumidores

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outro dos piares deste convenio que se renova cada exercicio ten que ver co respaldo a un plan de comunicación para promover o desenvolvemento do sector e incentivar o consumo deste tipo de produtos, buscando que teña visibilidade en diferentes plataformas como as redes sociais.

Como novidade, en 2024 contarase cunha cuarta liña de actuación que pasa pola difusión dos peixes, mariscos e alimentos transformados a través dunha figura de renome e proxección nacional, que se pretende que actúe como promotora e embaixadora dos produtos do mar conxelados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A CONSELLERÍA DO MAR TRASLADA AOS DOCENTES DAS ESCOLAS NÁUTICAS A SUBA EN COMPLEMENTOS SALARIAIS POR FORMACIÓN, FUNCIÓNS DE GOBERNO OU TITORÍAS

- A Xunta autoriza aplicar aos 82 profesores numerarios e mestres de taller o pacto acadado entre os representantes da Consellería de Educación e as organizacións sindicais que ratificaron estas co presidente autonómico
- O de formación permanente subirá un 10 % tanto en cada un dos próximos dous anos, o mesmo porcentaxe que repunta o complemento aplicable a labores titoriais
- O complemento específico polo desempeño de labores de dirección subirá en 20 euros ao mes cada comezo de ano de 2024 a 2026

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión deste xoves o acordo que permite aplicar aos 67 profesores numerarios e 15 mestres de taller das escolas náutico-pesqueiras de Galicia o pacto acadado en outubro de 2023 entre os representantes da Consellería de Educación e as organizacións sindicais CC.OO., ANPE e UGT-SP Ensino, que foi ratificado no treito final do ano pasado polo presidente do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, e polos representantes dos traballadores. Ademais de distintas melloras en materia educativa, neste acordo incluíronse distintos incrementos retributivos en distintos complementos salariais que permitirán aos profesionais dependentes da Consellería do Mar percibir preto de 94.000 euros extra nos próximos tres exercicios, en especial, no 2024 e 2025.

Entre os conceptos que se revalorizan, que se incluírán nas próximas nóminas dos docentes e serán retroactivas ao pasado 1 de xaneiro, está o importe mensual do complemento específico por formación permanente, que terá un incremento porcentual do 10 % desde comezos deste ano e outro 10 % que se elevará no próximo exercicio, polo que medra un 20 % nos próximos dous anos.

En idénticas porcentaxes e nos mesmos períodos se incrementará o complemento salarial específico para os profesionais que actúan como titores, cun 20 % nos próximos dous anos, porcentaxe repartido a partes iguais para o actual e o próximo.

Por último, o traslado do acordo entre a Xunta e os sindicatos en materia educativa á formación náutico-pesqueira permite implantar un incremento lineal polo desempeño de determinadas funcións de goberno -caso dun cargo de dirección-, de xeito que a contía mensual dos complementos correspondentes incrementaríase en 20 euros ao mes desde o pasado 1 de xaneiro, contía que subirá outro tanto en 2025 e outros 20 euros máis en 2026, co que subirá 60 euros/mes nos próximos tres anos.

Así, no reparto por anualidades destas tres medidas de incremento dos complementos salariais para este ano 2024 o extra que percibirán os docentes vinculados a Mar acadará os 42.439,63 euros, aos que se sumarán, por ser consolidables, outros 46.172 euros en 2025 e un ano despois algo máis de 5.115 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Contribuír á remuda xeracional

Estes 82 profesionais imparten as súas ensinanzas a preto de medio milleiro de alumnos matriculados co actual curso 2023/2024 na Escola Oficial Náutico Pesqueira (EONP) de Ferrol, na EONP de Ribeira, no Instituto Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo e no Instituto Galego de formación en Acuicultura (Igafa).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ABOARÁ ESTE MES DE FEBREIRO AO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO A SUBA ADICIONAL DO 0,5 % DAS RETRIBUCIÓNS LIGADA AO COMPORTEAMENTO DO PRODUTO INTERIOR BRUTO

O incremento adicional aplicarase con efectos do 1 de xaneiro de 2023 e calcularase sobre as retribucións vixentes a 31 de decembro de 2022

A Xunta aboará este mes de febreiro ao persoal empregado público a suba adicional do 0,5 % das retribucións ligada ao mellor comportamento do Produto Interior Bruto (PIB) durante o ano 2023. Así se desprende dun informe presentado hoxe no Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

Este incremento adicional aplicarase con efectos do 1 de xaneiro de 2023 e calcularase sobre as retribucións vixentes a 31 de decembro de 2022. Suporá unha suba media anual de 180 € por empregado público da Administración xeral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVERÁ ÁREAS CORTALUMES NA RAIA PARA LOITAR CONTRA OS INCENDIOS TRANSFRONTEIRIZOS ENTRE ESPAÑA E PORTUGAL, NUN PILOTO QUE COMEZARÁ NA COMARCA DE MONTERREI

- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural que estuda a incidencia dos lumes na zona sur leste da provincia de Ourense e define propostas de actuación destinadas á mellora na prevención e defensa contra os incendios forestais
- Estas áreas cortalumes comezarán xa a instalarse en Videferre (Oímbra), atopándose en estudo a súa implantación no resto de concellos limítrofes con Portugal: primeiro na comarca de Monterrei e, nunha segunda fase, nos demais municipios fronteirizos das provincias de Ourense e Pontevedra
- Nas actuacións previstas, distínguese entre áreas de defensa non produtivas - xestión da biomasa na rede de faixas- e, especialmente, as produtivas, coas que ademais de previr lumesponse en valor o territorio co silvopastoreo, a ampliación de soutos ou as figuras da lei de recuperación
- Esta iniciativa está enmarcada na aposta pola prevención a través da planificación integral e a xestión do territorio, e co seu carácter transfronteirizo tamén acompaña á nova base aérea de Verín-Oímbra, que estará operativa este mesmo ano

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural que diseña unha experiencia piloto coa implantación de áreas cortalumes na Raia para loitar contra os incendios transfronteirizos entre España e Portugal. Esta iniciativa arranca do estudo da incidencia dos lumes na zona sur leste da provincia de Ourense na última década na provincia de Ourense, incluído no informe avaliado hoxe, e que desemboca na definición de propostas de actuación destinadas á mellora na prevención e defensa contra os incendios forestais.

As novas áreas cortalumes comezarán xa a instalarse na parroquia de Videferre (Oímbra), coa ampliación dun soto de castiñeiros, atopándose en estudo o seu desenvolvemento ao resto de concellos galegos limítrofes con Portugal: primeiro na comarca de Monterrei e, nunha segunda fase, aos demais municipios fronteirizos da provincia de Ourense e Pontevedra.

Esta experiencia piloto queda enmarcada na aposta da Xunta pola prevención a través da planificación integral e a xestión do territorio, nunha estratexia que ten un dos seus epicentros na comarca de Monterrei, e que se apoia no fondo público-privado que estará dotado cun total de 36 millóns de euros, e que xa conta coas achegas de Inditex (9 millóns) e Altri (2 millóns, unha colaboración precisamente avaliada hoxe polo Consello da Xunta).

Ademais, o carácter transfronteirizo deste proxecto acompaña á nova base aérea de Verín-Oímbra, deseñada dentro do proxecto Interlumes para apoiar a extinción de incendios forestais á ambos lados da fronteira de España e Portugal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Propostas de actuación nas áreas de defensa produtivas e non produtivas

En relación coas propostas de actuación, distínguense entre áreas de defensa produtivas e as non produtivas. Dentro das primeiras, polas que se aposta dun xeito específico neste proxecto, planifícanse actuacións naqueles terreos especialmente aptos, como o fomento de actividades silvopastorais; mantemento, mellora e ampliación de soutos de castiñeiros; ou a reconversión de áreas queimadas.

Mediante as áreas de defensa produtivas, ademais de crear infraestruturas de defensa contra incendios forestais, conseguirase a posta en valor de terreos improdutos. Merecen especial mención, como instrumentos que posibilita a lei de recuperación da terra agraria de Galicia, as aldeas modelo e os polígonos agroforestais. Como exemplo de área de defensa produtiva, o informe recolle a xa mencionada da parroquia de Videferre, en Oímbra -incremento de superficie destinada á produción de castaña-, ademais de, na seguinte fase do proxecto, unha iniciativa similar na parroquia de Flariz (Monterrei), que tamén abranguería gandaría extensiva baixo masas de frondosas autóctonas.

No referido as intervencións en áreas de defensa non produtivas, son as relativas á xestión de biomasa na rede de faixas e refírense ao establecemento de áreas cortalumes, faixas auxiliares de pista, planificación e execución de queimas prescritas, mantemento da rede de devasas existente ou da rede viaria forestal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESEÑA UN NOVIDOSO PROGRAMA PARA FOMENTAR O MANEXO DE GANDO COMO ALTERNATIVA COMPLEMENTARIA AO EMPREGO DE MAQUINARIA PARA PREVI- R INCENDIOS FORESTAIS

- Prevese introducir gando ovino e caprino para facilitar o control da biomasa en áreas estratéxicas localizadas, cun programa piloto que comezará este ano e en función dos resultados irase ampliando posteriormente a outras áreas do territorio
- Trátase de avaliar a idoneidade da iniciativa e de estudar tanto os resultados obtidos coma os custos necesarios para a posta en marcha do proxecto piloto, así como de establecer unha análise comparativa entre as actuacións realizadas co gando e as executadas con medios mecánicos
- O tipo de gando máis adecuado dependerá en cada caso das características do lugar e o tipo de vexetación presente, contemplándose tamén a opción de combinar ambos -ovino e caprino-, na procura duns resultados máis eficaces

A Xunta prevé introducir gando ovino e caprino para facilitar o control da biomasa en áreas estratéxicas localizadas para a prevención e defensa contra os incendios forestais. O Consello do Goberno galego avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural no que se proxecta unha proposta piloto que prevé a adquisición e manexo deste tipo de gando para o control da carga de combustible.

Trátase de avaliar a idoneidade da iniciativa e de estudar tanto os resultados obtidos coma os custos necesarios para a posta en marcha do proxecto piloto, así como de establecer unha análise comparativa entre as actuacións realizadas a través do gando e aquelas executadas de xeito recorrente mediante medios mecánicos.

A maiores, a actuación ten por obxecto a realización de labores preventivos contra os incendios forestais nas áreas estratéxicas definidas previamente, mediante o emprego de gando, que constitúa unha alternativa real ao uso de maquinaria. Considérase que, aínda que o pastoreo non evite totalmente a roza mecanizada, si que conseguirá espazala no tempo de xeito que se consiga un aforro importante nos custos.

Esta iniciativa lévase a cabo porque, para acadar unha redución significativa da carga de combustible, que cumpra cos criterios establecidos de xestión de biomasa na lexislación vixente, cómpre un pastoreo máis intenso que o realizado de xeito tradicional en extensivo, concentrando os animais mediante peches ou con pastor que os guíe.

O tipo de gando máis adecuado dependerá en cada caso das características do lugar e o tipo de vexetación presente. Así o caprino é adecuado para lugares con forte rebrote do estrato arbustivo, ben que a súa forma de pastoreo máis dispersa é unha dificultade para concentrar o consumo da biomasa nas zonas de interese. O carácter peculiar do gando ovino faino máis útil en lugares con importante proporción de herbáceas ou onde se quere conservar o estrato arbóreo. Ademais, a súa condición máis gregaria axuda a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obter resultados máis homoxéneos. En calquera caso, cabe tamén a opción de combinar ambos os tipos de gando, na procura duns resultados máis eficaces.

Infraestruturas necesarias

Por outra banda, xunto coa introdución do tipo de gando axeitado é preciso implementar, en caso de non existir na zona elixida, os medios necesarios para o mantemento e protección dos animais, como poden ser os peches móbiles, os bebedoiros ou a colocación de pasos de gando, entre outras infraestruturas. Asemade, o manexo destes rabaños debe estar atendido por persoal capacitado para estes labores.

Para a determinación da localización das posibles zonas estratéxicas, partírase das directrices establecidas no Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (Pladiga), fundamentadas na análise do rexistro histórico de lumes dispoñible na Dirección Xeral de Defensa do Monte, xunto coa súa cartografía, así como en estudos preexistentes ou a realizar da incidencia do lume en diversas zonas da comunidade autónoma.

Para cada zona escollida se establecerá un plan de pastoreo específico con indicación de aspectos coma as características do gando, a planificación do aproveitamento, a xustificación da carga gandeira e os obxectivos a conseguir na xestión da biomasa. Está prevista a implantación da medida nunha primeira zona -que está por definir- en 2024, e en función dos resultados ir ampliando posteriormente a outras áreas do territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA FRONTE O LUME SUMANDO A APORTACIÓN DE ALTRI DE 2 M€ AO FONDO PARA IMPULSAR A PREVENCIÓN A TRAVÉS DA XESTIÓN INTEGRAL DO TERRITORIO

- O Consello aprobou a sinatura dun convenio con esta compañía, que se suma a Inditex para ampliar a cooperación entre o tecido empresarial e a Administración autonómica con este obxectivo, ao que se prevén novas incorporacións, dentro dun fondo que en total estará dotado con 36 M€
- O acordo con Altri terá unha duración de catro anos e contempla cinco obxectivos principais, vencellados coa ordenación dos montes, a recuperación do potencial forestal das zonas afectadas, a conservación e o fomento dos recursos forestais, das agrupacións forestais e do aproveitamento da resina, mel e outros produtos da natureza
- Para levar a cabo estas accións crearase un fondo público-privado dirixido á restauración dos territorios afectados por lumes e á implantación dunha política de prevención pola vía da xestión do territorio
- Co fin de velar polo cumprimento do acordo, constituirase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das entidades e que deberá reunirse como mínimo dúas veces ao ano
- Este acordo reforza a planificación estratéxica da Xunta para a prevención dos incendios forestais, que implica unha acción integral no territorio e que aposta pola colaboración público-privada, contando xa coa participación de empresas como Inditex e á que agora se sumará Altri

A Xunta reforza a colaboración público-privada na loita contra os incendios forestais. Así, dentro do fondo creado ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que prevé un orzamento de 36 millóns de euros en conxunto, o Goberno galego acadou un acordo con Altri polo que esta empresa se compromete a aportar dous millóns de euros. Así, contabilizando os 9 millóns de euros tamén achegados por Inditex, xa se cubriron 11 dos 18 millóns previstos de aportacións privadas ao fondo, ao que se agardan novas incorporacións. Os 18 millóns restantes son aportados polo Goberno galego.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración mediante o cal a Consellería do Medio Rural e Altri traballarán en conxunto para promover a resiliencia do territorio galego ante incendios forestais. Deste xeito, Altri achegará a devandita cantidade ao fondo público-privado promovido pola Xunta para a prevención de lumes mediante a planificación integral, dirixíndose á restauración das zonas afectadas polos incendios forestais e á implantación dunha política de prevención pola vía da xestión do territorio.

O convenio terá unha duración de catro anos, polo que estará vixente ata 2027. Contempla cinco obxectivos principais, vencellados coa ordenación dos montes, a recuperación do potencial forestal das zonas afectadas, a conservación e o fomento dos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

recursos forestais, das agrupacións forestais e do aproveitamento da resina, mel e outros produtos da natureza.

Actuacións a levar a cabo

As accións enmarcadas neste acordo estenderanse ao territorio natural afectado polo incendio, con accións precisas que cumpriran os máis altos estándares de xestión forestal sostible, de tal xeito que sexa posible a súa certificación con carácter inmediato tras a súa aprobación.

Neste sentido, prestarase especial atención á mellora xenética forestal. Estas actuacións poden consistir, entre outras, no establecemento de hortos sementeiros, parcelas de investigación, estudos de campo, determinación de rodais selectos ou transferencia tecnolóxica das diferentes especies forestais.

Ademais, traballarase para afondar no fomento das agrupacións de xestión forestal, co fin de seguir loitando contra a fragmentación das propiedades no rural galego, traducida en abandono, o que repercute nunha maior posibilidade de sufrir un incendio forestal. Por outra banda, no referido ao aproveitamento dos recursos forestais, cómpre lembrar que contribúe á fixación de poboación e a remuda xeracional nas zonas rurais; ademais de manter as superficies aproveitadas en condicións de protección contra os lumes.

Seguindo esta liña, no marco deste convenio, crearanse oportunidades para o desenvolvemento de servizos e produtos forestais, priorizando as agrupacións forestais con interese para as rexións e poboacións, adaptando os modelos de silvicultura, a xestión e as especies a utilizar de xeito que se optimicen os produtos a obter e as accións de valorización ambiental.

Co fin de velar polo cumprimento do acordo, constituirase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das entidades. A comisión tamén terá a obriga de resolver as cuestións concretas, dúbidas ou discrepancias que xurdan ao longo do proceso. Reunirase polo menos dúas veces ao ano e de forma extraordinaria cando sexa solicitado.

Axentes do territorio

Precisamente, a pasada semana tivo lugar, no contexto destas actuacións, unha mesa con axentes sociais do territorio na que se presentaron as conclusións obtidas durante as primeiras fases do proceso participativo para a recuperación e xestión de áreas de concorrencia de lumes forestais.

Esa colaboración con axentes sociais implica cinco comarcas afectadas polos lumes de 2022: O Courel, Valdeorras, Macizo Central, Monterrei e Barbanza. A superficie total do seu territorio supera as 245.000 hectáreas, distribuídas en 26 concellos, cunha poboación de arredor de 118.000 persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As accións que se planifican teñen que ver coa plantación e reforestación con coníferas e frondosas autóctonas, a apertura e mellora de pistas e camiños, a construción e mellora de puntos de auga, a mellora e implantación de faixas secundarias, a creación, recuperación e mantemento de pradarias e pasteiros ou o impulso dos instrumentos de recuperación como os polígonos agroforestais, as aldeas modelo, os soutos tradicionais ou os pasteiros.